

ORDENANZA 2.06 CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS

CAPITULO I: Feito imponible

Artigo 1º.

- 1.- Constitúe o feito imponible das contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo de un beneficio ou aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos municipais por este Concello.
- 2.- As contribucións especiais orixínanse pola simple realización das obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos a que se refire o apartado anterior e a súa exacción será independente da súa utilización ou non polos suxeitos pasivos.

Artigo 2º.

- 1.- Para os efectos do disposto no artigo precedente, terán a consideración de obras e servizos municipais os seguintes:
 - a) Os que no ámbito da súa competencia realice ou estableza o Concello para atender aos fins que ten atribuídos. Exclúense as obras que realice a título de propietario dos seus bens patrimoniais.
 - b) Os que realice ou estableza o Concello por atribución ou delegación de outras entidades públicas, así como aqueles dos que asumise a titularidade por lei.
 - c) Os que se realicen ou establezan por outras entidades públicas ou polos concesionarios destas, con aportacións económicas deste Concello.
- 2.- As obras e servizos a que se refire o anterior apartado a) conservarán o carácter de municipais aínda que fosen realizados ou establecidos por:
 - a) Organismos Autónomos municipais ou Sociedades Mercantís que teñan por único titular do seu capital social a este Concello.
 - b) Concesionarios con aportacións deste Concello.
 - c) Asociacións de contribuíntes.
- 3.- As contribucións especiais municipais son tributos de carácter finalista e a súa recadación destínase integramente a custear a obra ou o establecemento ou ampliación do servizo que as motiven.

Artigo 3º.

O Concello poderá acordar a imposición e ordenación de contribucións especiais, cando se dean as circunstancias que motivan o feito imponible establecido no artigo 1º da Ordenanza Xeral:

- a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación de calzadas.
- b) Pola primeira instalación, renovación e substitución de redes de distribución de auga, de sumidoiros e desaugadoiros de augas residuais.
- c) Polo establecemento e substitución do alumado público e por instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.
- d) Polo aumento e novos alineamentos das rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como pola modificación das rasantes.
- e) Pola substitución de calzadas, beirarrúas, desaugadoiros e bocas de rego das vías públicas urbanas.
- f) Polo establecemento e ampliación do servizo de extinción de incendios.
- g) Pola construción de encoros, canais e outras obras para o rego de fincas.
- h) Pola realización de obras de captación, depósito, conducción de depuración de augas para o abastecemento.
- i) Pola construción de estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.
- j) Pola plantación de árbores en rúas e prazas, e pola construción e ampliación de parques e xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zona o sector.
- m) Polo desmonte, terraplenado e construción de muros de contención.
- n) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra enchentes e inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de auga.
- o) Pola construción de galerías subterráneas para o aloxamento de redes e tubos de distribución de auga, gas e electricidade, así como para a súa utilización por servizos de comunicación e información.
- p) Pola realización, establecemento de calquera outra obra ou servizo municipal.

CAPITULO II: Exencións e bonificacións**Artigo 4º.**

- 1.- En materia de contribucións especiais só se recoñecerán os beneficios fiscais establecidos por disposición con rango de lei ou por tratados ou convenios internacionais.

- 2.- As persoas que consideren que segundo o apartado anterior teñen dereito a un beneficio fiscal, farano constar perante o Concello, expresando o precepto que ampara o seu dereito.
- 3.- Cando se recoñezan beneficios fiscais nas contribucións especiais municipais, as cuotas que correspondesen aos beneficiarios ou, se é o caso, o importe das bonificacións, non poderán distribuírse entre os demais suxeitos pasivos.

CAPITULO III: Suxeitos pasivos

Artigo 5º.

- 1.- Consideraranse suxeitos pasivos das contribucións especiais municipais as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, beneficiadas especialmente pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinan a obrigaón de contribuír.
- 2.- Para os efectos do disposto no apartado anterior, consideraranse persoas beneficiadas especialmente:
 - a) Os propietarios de inmobles afectados por obras, ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais.
 - b) As persoas ou entidades titulares de explotacións empresariais que motiven a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos municipais.
 - c) As compañías de seguros de extinción de incendios, así como os propietarios dos bens afectados, cando se amplíe este servizo.
 - d) As empresas fornecedoras de servizos que deban utilizar galerías subterráneas construídas polo Concello.

Artigo 6º.

- 1.- As contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade como donas ou posuidoras de bens inmobles, e as inscritas no Rexistro Mercantil ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos; na data de remate das obras ou na de comezo da prestación dos servizos. Todo isto sen prexuízo do disposto no apartado 3 do artigo 11 da presente Ordenanza Xeral.
- 2.- Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da Comunidade de Proprietarios comunicará á Administración Municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na Comunidade, co fin de emitir orde de cobro das cuotas individualmente. De non facelo así entenderase aceptada a emisión dunha cuota única.

CAPITULO IV: Base imponible

Artigo 7º.

- 1.- A base imponible das contribucións especiais está constituída como máximo polo 90% do custo da realización das obras ou establecemento ou ampliación do servicio.
- 2.- O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:
 - a) O custo real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, plans e programas técnicos.
 - b) O importe das obras que se vaian realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación de servicios.
 - c) O valor dos terreos de ocupación permanente por obras ou servicios, excepto cando se tratar de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ao Concello, ou inmobles cedidos segundo o establecido polo artigo 77 da Lei de Patrimonio do Estado.
 - d) As indemnizacións por derribamento de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban pagarse aos arrendatarios dos bens que deban derruírse ou ocuparse.
 - e) O interese do capital investido nas obras ou servicios cando o Concello financie por crédito a cantidade non cuberta polas contribucións especiais ou cando estas se realicen de forma fraccionada.
- 3.- O custo total presupostado das obras ou servicios terá carácter de simple previsión. Se o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel para o cálculo das cuotas correspondentes.
- 4.- De se tratar de obras ou servicios a que se refire o artigo 2º,1.c) da presente Ordenanza ou dos realizados por concesionarios con aportacións do Concello a que se refire o apartado 2.b) do mesmo artigo; a base imponible das contribucións especiais determinarase en función do total destas aportacións. Todo isto sen prexuízo das que poidan impor outras administracións públicas pola mesma obra ou servicio. En todo caso respetarase o límite do 90% a que se refire o apartado 1 deste artigo.
- 5.- Co fin de determinar a base imponible, entenderase por custo soportado polo Concello a diferenza entre o total e o importe das subvencións ou auxilios que o Municipio obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade que teña a condición de suxeito pasivo, caso no que se aplicará o disposto no apartado 2 do artigo 9 desta Ordenanza Xeral.

Artigo 8º.

O Pleno da Corporación Municipal determinará no acordo de ordenación respectivo a porcentaxe do custo da obra que debe soportar o Concello, que constituirá a base imponible da contribución especial, sempre co límite do 90% a que se refire o artigo anterior.

CAPITULO V: Cuota tributaria

Artigo 9º.

- 1.- A base imponible das Contribucións Especiais repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, de acordo coas seguintes regras:
 - a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais da fachada do inmovible, a súa superficie, o volume edificable do mesmo e o valor catastral asignado para os efectos do Imposto sobre Bens Inmables.
 - b) De se tratar do establecemento ou mellora do servizo de extinción de incendios, poderase distribuír entre as entidades ou sociedades que cubran o risco por bens radicados neste Municipio, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano anterior. Se a cuota esixible a cada suxeito pasivo é superior ao 5% do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase aos exercicios sucesivos ata a súa total amortización.
 - c) De se tratar de obras a que se refire o artigo 3º,m) desta Ordenanza xeral, o importe total da Contribución Especial distribuirase entre as compañías ou empresas que deban utilizalas en proporción ao espazo reservado a cada unha ou ao total, aínda que non as usen inmediatamente.
- 2.- Cando o suxeito pasivo das Contribucións Especiais outorgue unha subvención ou auxilio económico para a realización de obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos municipais, o importe da dita subvención ou auxilio destinarase prioritariamente á compensación da cuota da respectiva persoa ou entidade. O exceso, de habelo, aplicarase para reducir, en proporción, a cuota dos demais suxeitos pasivos.

Artigo 10º.

- 1.- Cando nunha obra a diferenza de custo por unidade nos diversos traxectos, tramos ou seccións non se corresponda co grao de utilidade ou beneficio para cada interesado, todas as partes do plan correspondente consideraranse en conxunto para os efectos do reparto, e por tanto, a determinación das cuotas individuais non atenderá tan só ao custo especial do treito ou sección que afecte de forma inmediata a cada contribuínte.
- 2.- Para o caso de que o importe total das contribucións especiais se reparta tendo en conta os metros lineais de fachada dos inmoables, entenderase por inmoables con fachada á vía pública non só os edificios coincidindo coa alineación exterior do bloque de casas, senón tamén as casas illadas calquera que sexa a súa situación respecto á vía pública que delimite aquel bloque e sexa obxecto da obra; polo tanto, a lonxitude de fachada medirase, nestes casos, pola superficie do inmovible, con independencia das circunstancias da edificación, retranqueo, patios abertos, zonas de xardín ou espazos libres.
- 3.- Cando o encontro de dúas fachadas forme chafrán ou se unan nunha curva, consideraranse para os efectos de medición da lonxitude de fachada, a metade da do chafrán ou do desenvolvemento da curva, que se sumará ás lonxitudes das fachadas inmediatas.

CAPITULO VI: Obrigación de contribuir

Artigo 11º.

- 1.- A obrigación de contribuir por este concepto orixinarase ao concluír as obras ou iniciarse a prestación do servizo. Se as obras son fraccionables, esta orixe producirase para cada suxeito pasivo desde que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción.
- 2.- Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, despois de adoptado o acordo concreto de imposición e ordenación o Concello poderá esixir por anticipado o pagamento das Contribucións Especiais segundo o importe do custo previsto para o ano seguinte. Non poderá esixir o anticipo dunha nova anualidade sen antes executar as obras para as que recadou o anterior anticipo.
- 3.- O momento en que se orixina esta obrigación terase en conta para os efectos de determinar o suxeito pasivo de acordo co disposto no artigo 5º desta Ordenanza Xeral, aínda que no acordo concreto de ordenación figure como tal quen o sexa na data de aprobación, e este anticipe o pagamento das cuotas, de acordo co disposto no apartado 2 deste artigo. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación, logo de ser notificada do mesmo, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación do dito acordo e a orixe da obrigación, deberá comunicalo á Administración Municipal no prazo de un mes desde a data da transmisión, e de non facelo así, poderase esixir o cobro a quen figuraba como suxeito pasivo.
- 4.- Finalizada a realización total ou parcial das obras ou comezada a prestación do servizo, sinalaranse os suxeitos pasivos, a base e as cuotas individualizadas definitivas, emitindo as ordes de cobro das liquidacións correspondentes e compensando como entrega a conta os pagamentos anticipados se é o caso. Isto realizarase polos órganos competentes do Concello cinxíndose ás normas do acordo concreto de ordenación do tributo.
- 5.- Se os pagamentos anticipados se efectúan por persoas que non teñen a condición de suxeito pasivo na data en que se orixinou a obrigación de contribuir ou ben pasan da cuota individual definitiva correspondente, o Concello efectuará de oficio a devolución que proceda.

CAPITULO VII: Xestión, liquidación, inspección e recadación

Artigo 12º.

A xestión, liquidación, inspección e recadación das Contribucións Especiais farase na forma, prazos e condicións establecidos na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 13º.

- 1.- O Concello poderá conceder, despois de determinar a cuota e por solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento de aquela por un período máximo de cinco anos, debendo garantir o pagamento da débeda tributaria, que incluírá o importe do interese de demora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, prenda, aval bancario ou outra garantía suficiente.
- 2.- A concesión do fraccionamento ou aprazamento implica a conformidade do solicitante co importe total da cuota tributaria que lle corresponda.
- 3.- O non pagamento orixinará a perda do beneficio de fraccionamento e unha certificación de descuberto pola parte pendente de pagamento, recargos e intereses correspondentes.
- 4.- En calquera momento o contribuínte poderá renunciar aos beneficios do aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cuota ou da parte da mesma por pagar así como dos intereses vencidos, cancelándose a garantía constituída.
- 5.- Segundo as condicións socio-económicas da zona de execución das obras, a súa natureza e cadro de amortización, o custo, a base liquidable e o importe das cuotas individuais; o Concello poderá acordar de oficio o pagamento fraccionado con carácter xeral para dita zona, sen prexuízo de que os contribuíntes poidan anticipar en calquera momento os pagamentos.

CAPITULO VIII: Imposición e ordenación**Artigo 14º.**

- 1.- A exacción das Contribucións Especiais esixe para cada caso concreto o acordo previo de imposición adoptado polo Concello.
- 2.- O acordo de realización dunha obra ou de establecemento ou ampliación dun servizo que deba custearse mediante Contribucións Especiais, non poderá executarse mentres non se aprobe a ordenación concreta destas.
- 3.- O acordo de ordenación ou Ordenanza reguladora determinará o custo previo das obras ou servizos, a cantidade que se vaia repartir entre os beneficiarios e os criterios de reparto. Para as demais cuestións remitírase a esta Ordenanza Xeral de Contribucións Especiais.
- 4.- Aprobada a Ordenanza reguladora, as cuotas notificaranse a cada suxeito pasivo, individualmente ou por edictos de faltar algún dato. Os interesados poderán interpor recurso de reposición perante o Concello contra a procedencia das Contribucións Especiais, a porcentaxe do custo asignado ou as cuotas correspondentes.

Artigo 15º.

- 1.- Cando este Concello colabore con outra Entidade local na realización de obras ou no establecemento ou ampliación de servizos que requiran a imposición de Contribucións Especiais, rexerán as seguintes regras:
 - a) Cada Entidade conservará as súas competencias respectivas sobre os acordos concretos de imposición e ordenación.
 - b) Corresponderá á Entidade titular das obras ou servizos a xestión e recadación da Contribución Especial, sen prexuízo do disposto no apartado a) anterior.
- 2.- A unidade de actuación quedará sen efecto se calquera das Entidades non adopta o acordo concreto de ordenación.

CAPITULO IX: Colaboración cidadá**Artigo 16º.**

- 1.- Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en Asociación Administrativa de contribuíntes e impulsar a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos polo Concello, comprometéndose a custear a aportación que corresponda a este cando a súa situación financeira non llo permita, ademais da que corresponda á Asociación segundo a natureza da obra ou servizo.
- 2.- A devandita Asociación poderá constituírse no período de exposición ao público do acordo de ordenación das Contribucións Especiais.

Artigo 17º.

A constitución de Asociación Administrativa de Contribuíntes esixe acordo da maioría absoluta dos afectados, sempre que as cuotas asignadas a estes representen como mínimo os dous tercios do total da Contribución Especial.

CAPITULO X: Infraccións e sancións**Artigo 18º.**

- 1.- No tocante a infraccións tributarias e a súa calificación, así como ás sancións correspondentes aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria.
- 2.- A imposición de sancións non suspenderá en ningún caso a liquidación e cobro das cuotas non prescritas.

Disposición final

A presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día tres de novembro de mil novecentos oitenta e nove e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa.

Por ter transcorrido o período de exposición ao público sen que se presentasen reclamacións, queda aprobada definitivamente a presente Ordenanza segundo establece o artigo 17 da Lei 39/1988 de 28 de Decembro Reguladora das Facendas Locais.

